

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Revisión salarial do convenio colectivo de Aspaneps

Visto o expediente da revisión salarial do Convenio colectivo de ASPANEPS, que tivo entrada neste Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar o día 16.3.2010, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o 02.02.2010, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, este Departamento Territorial

ACORDA:

PRIMEIRO.–Ordenar a súa inscrición no Libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante neste Departamento Territorial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.–Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.–Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 18 de marzo de 2010.

O xefe territorial de Traballo e Benestar

Luís Alberto Álvarez Freijido

CONVENIO COLECTIVO ASPANEPS

ACTA

ASISTEN:

- Alejandra Amil Casas (R.E.)
- José Ramón Fenández Lamas (R.E.)
- José Antonio Zabala Cabral (R.E.)
- Pilar Moure García (R.T.)

Con data 02/02/2010 reúnen a representante sindical e membros da directiva de ASPANEPS, para tratar o seguinte orden do día:

1. Revisión salarial para o ano 2010
2. Acordo dun novo complemento de especial responsabilidade de dirección do Centro Ocupacional.

Acordos:

Apróbase a subida salarial para o ano 2010 de acordo coa disposición transitoria primeira-cláusula de garantía salarial do convenio de aplicación (código convenio 1504472) con efectos dende o 1 de xaneiro de 2010. Non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión.

Ferrol, a 2 de febreiro de 2010.

Asinan a mesma.

Representante da entidade Representante sindical

TÁBOAS SALARIAIS (14 PAGAS)

GRUPO PROFESIONAL	SALARIO BASE 2010 €)
1	1.787,38
2	1.489,99
3	1.201,43
4	1.059,77
5	878,10

Os trienios para todos os grupos é de 26,85 €

Responsabilidade:

- Médico/a: 390,75 €
- Mestras/es: 13,91 €
- Psicólogos/as, pedagogas/os: 36,76 €
- Trab. sociais: 13,91 €
- Administrativas/os: 13,91 €
- Dirección: 332,11 €
- Dirección Centro Ocupacional: 90,00 €

Ferrol, 2 de febreiro de 2010.

Asinan a mesma.

Representante da entidade

Representante sindical

2010/4033



www.cigservizos.org